



***Informe de resultados do procedemento de
valoración previa á asignación dos complementos de
recoñecemento á excelencia curricular docente e
investigadora.***

Convocatorias 2006 – 2007 - 2008

- **Antecedentes legais:**

O Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos adicionais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario, establece a necesidade da aprobación dun protocolo de avaliación por parte da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), como órgano encargado de realizar a valoración previa da actividade docente e investigadora, necesaria para a asignación das retribucións adicionais reguladas polo mencionado Decreto.

A través da **Orde do 16 de abril de 2004 (DOG do 28 de abril)** publícase o protocolo aplicable aos complementos de recoñecemento ao labor docente e ao labor investigador.

Finalmente, por **Orde do 16 de outubro de 2006 (DOG do 26 de outubro)**, complétase o desenvolvemento normativo dos complementos autonómicos, ao aprobarse o protocolo de avaliación elaborado pola CGIACA, relativo aos criterios e méritos de valoración e aos procedementos para solicitar a valoración previa á asignación dos complementos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora e de recoñecemento polos cargos de xestión.

De conformidade co establecido nesta Orde, o Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (actualmente será o Presidente deste órgano en virtude de competencias delegadas), convocará mediante resolución, a apertura do prazo de presentación de solicitudes para a asignación dos complementos retributivos. Así, e respecto ao complemento de recoñecemento á excelencia curricular obxecto do presente informe, realizáronse ata o momento tres convocatorias a través das resolucións do 26 de outubro de 2006 (DOG do 3 de novembro), do 3 de setembro de 2007 (DOG do 17 de setembro) e do 9 de xuño de 2007 (DOG do 19 de xuño).

No presente informe procédese ao estudo do proceso de avaliación previa á asignación do complemento de recoñecemento á excelencia curricular, a través da realización dunha análise comparativa dos resultados das tres convocatorias levadas a cabo ata o momento.

- **Procedemento:**

Coa publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia, que supón a apertura do prazo de presentación de solicitudes (15 días naturais na primeira convocatoria e 40 días nas seguintes), iníciase formalmente o procedemento. Durante este período ofrécese aos destinatarios un servizo de atención telefónica e por correo electrónico, onde poden consultar todas aquelas dúbidas derivadas do procedemento. A utilización deste recurso polos potenciais solicitantes foi masiva na primeira convocatoria, motivada principalmente polo descoñecemento da estrutura, requisitos e filosofía do novo complemento. O número de consultas experimentou unha importante redución nas seguintes convocatorias, debido tanto ao mellor coñecemento do procedemento por parte da Comunidade Universitaria e mellora das propias convocatorias, como ao labor de difusión levado a cabo pola Axencia (principalmente a través da páxina Web) de información sistematizada (preguntas frecuentes, instrucións-guía,...).

Para facilitar os trámites de cumprimentación de solicitudes -e posterior tramitación destas-, ofrécese unha sinxela aplicación informática (<https://aplicaciones.acsug.es/complementos/index.php>) que permite ó solicitante, unha vez rexistrado, tanto cubrir os datos esixidos como incorporar a documentación acreditativa dos méritos alegados. Debemos destacar que o uso desta ferramenta é maioritario por parte dos solicitantes, aínda que seguen a presentarse un número considerable de instancias en formatos erróneos ou cubertas de xeito manual, o que implica a necesidade dun tratamento posterior por parte do persoal da ACSUG. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, procédese á comprobación dos requisitos formais esixidos para a súa admisión a trámite, emitíndose no seu caso, os correspondentes requirimentos.

O número de quinquenios de docencia e de sexenios de investigación de cada solicitante son certificados polas tres Universidades galegas, tralo que se procede á comprobación de que os solicitantes cumpren os requisitos mínimos para presentarse a avaliación (dous quinquenios de docencia e un sexenio de investigación). De tódalas solicitudes que se presentaron (1607, 124 e 91 respectivamente nas convocatorias do 2006, 2007 e 2008), so 14 no 2006 e 1 no 2008 foron rexeitadas por non cumprir cos mínimos indicados.

O número de solicitudes recibidas, tendo en conta as distintas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) non foi uniforme no ano 2006, existindo unha gran diferenza entre os solicitantes que pertencen á Universidade de Santiago de Compostela (USC) e as Universidades de A Coruña (UDC) e Vigo (UVI). Nas seguintes convocatorias redúcese significativamente esta diferenza. A distribución de solicitudes por Universidades e convocatorias represéntase na figura 1.





Figura 1.- Distribución das solicitudes que cumpren os mínimos nas Universidades do SUG.

Trala comprobación do cumprimento dos requisitos mínimos, as solicitudes son distribuídas nos distintos comités (art. 5º da Orde do 16 de outubro de 2006), de acordo coas áreas de coñecemento sinaladas polos solicitantes. Os membros dos comités foron seleccionados entre profesores Universitarios externos ao SUG (coa posible excepción da presidencia do Comité) con mais de 3 sexenios de investigación e 3 quinquenios de docencia, preferentemente con experiencia en avaliación.

A distribución das solicitudes en cada un dos ámbitos científicos está recollida, por porcentaxes, na figura 2. O número de solicitantes por cada ámbito de coñecemento indícanse no **Anexo I**

Débese ter en conta na determinación destas porcentaxes, o feito de que existen áreas de coñecemento que poderían ser asignadas a máis dun ámbito científico.



- **Proceso de avaliación:**

Na primeira convocatoria dos complementos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora, os expertos dos comités asesores seleccionados congregáronse na ACSUG para asistir a unha xornada formativa e proceder posteriormente a efectuar a avaliación. Reuníronse un total de 32 avaliadores entre os distintos comités, todos externos á comunidade Universitaria Galega. A relación completa dos membros dos comités recóllese no **Anexo II**. O proceso de avaliación realizouse durante tres días, do 29 de novembro ao 1 de decembro de 2006. Os comités constituíronse con un Presidente e un Secretario, encargados de coordinar o proceso e levantar as correspondentes actas das avaliacións.

Co fin de facilitar a avaliación, facilitóuselle aos comités avaliadores os documentos, que no seu día se distribuíron entre as universidades, nos que figuraban os requisitos de xustificación dos méritos así como a catalogación dos distintos méritos a considerar en cada apartado. Por parte de ACSUG solicitouse a

cada comité que elaborara unha proposta cos criterios internos de actuación para, en próximas convocatorias, confeccionar un documento público de valoración de cada tipo de méritos (que foi incorporado xa nas seguintes convocatorias). A avaliación dos méritos por parte dos comités, realizouse tendo en conta as evidencias e calidade dos méritos aportados, o encargo de docencia desenvolvido nos últimos anos e o resto do currículo do solicitante.

Establecéronse puntuacións independentes para cada un dos apartados da avaliación adicional: docente e investigadora. A valoración (en base 100) realizouse a través da aplicación informática elaborada pola ACSUG, que facilitaba a transformación a un factor de base 2.5 de tope máximo, que pode acadarse para cada un dos compoñentes. Tendo en conta que se parte de valores con intervalos de variación 10, os intervalos de variación en puntos reais son de 0.25 puntos.

Nas seguintes convocatorias, reduciuse a estancia dos avaliadores na sede da Axencia: 7-8 novembro de 2007 e 7 de outubro de 2008. Esta redución tivo dúas motivacións principais: a diminución do número de solicitudes (lóxica pola propia dinámica do complemento con eficacia quinquenal) e a posta a disposición dos avaliadores, con carácter previo á xuntanza dos comités, dunha aplicación informática na que, con acceso aos expedientes completos dos solicitantes, permitía a realización dunha previa avaliación remota.

Os resultados globais obtidos reflíctense nas Figuras 3 a 5 (en número de solicitantes por categoría).




Figura 3.- Distribución en número de solicitantes da convocatoria 2006 en cada categoría. Cada categoría inclúe os valores obtidos superiores a o valor indicado. NS: solicitudes que non presentaron méritos para a avaliación adicional.




Figura 4.- Distribución en número de solicitantes da convocatoria 2007 en cada categoría. Cada categoría inclúe os valores obtidos superiores a o valor indicado. NS: solicitudes que non presentaron méritos para a avaliación adicional.




Figura 5.- Distribución en número de solicitantes da convocatoria 2008 en cada categoría. Cada categoría inclúe os valores obtidos superiores a o valor indicado. NS: solicitudes que non presentaron méritos para a avaliación adicional.

Unha vez obtida a valoración de cada un dos compoñentes da avaliación adicional, docente e investigadora, súmanse para obter o valor final da avaliación adicional. A continuación recóllense os resultados globais de distribución desta avaliación.




Figura 6.- Distribución en número de solicitantes en cada categoría de avaliación adicional nas convocatorias 2006-2008. Cada categoría recolle os valores iguais ou superiores ao valor indicado. **Nc:** Non cumpren mínimos. **NS:** solicitudes que non presentaron méritos para a avaliación adicional.

• **Resultados por comités:**

Analizados por comités, os resultados obtidos nos distintos compoñentes da avaliación adicional: docente e investigadora, clasificáronse en función dos rangos de puntuación outorgadas polos comités. Tendo en conta o distinto número de solicitudes avaliadas por comité, estes resultados representáanse en número de solicitantes que adquiren rangos de puntuación entre 0 y 2,5 (valor máximo que se pode outorgar por avaliación adicional de cada tipo).

AVALIACIÓN DOCENCIA:




Figura 7.- Número de solicitantes en cada rango de valoración no compoñente de docencia, por comité, convocatoria 2006




Figura 8.- Número de solicitantes en cada rango de valoración no compoñente de docencia por comité na convocatoria 2007




Figura 9.-Número de solicitantes en cada rango de valoración no compoñente de docencia por comité na convocatoria 2008

AVALIACIÓN INVESTIGACIÓN




Figura 10- Número de solicitantes en cada rango de valoración no compoñente de investigación por comité na convocatoria 2006.




Figura 11- Número de solicitantes en cada rango de valoración no compoñente de investigación por comité na convocatoria 2007.




Figura 12- Número de solicitantes en cada rango de valoración no compoñente de investigación por comité na convocatoria 2008.

AVALIACIÓN ADICIONAL

Os resultados conxuntos dos dous compoñentes, que constitúen avaliación adicional, nos distintos comités, represéntanse na Figura 13.




Figura 13- Número de solicitantes en cada rango de valoración na avaliación adicional por comité nas convocatorias 2006-2008.

Outro aspecto de análise importante, é o de comparar os resultados medios obtidos en cada un dos compoñentes, por comité. Calculadas as medias dos resultados da avaliación dos méritos docentes e investigadores, o global das avaliación adicionais, así como os resultados globais, represéntanse na **Táboa 1.a, 1.b, 1.c**

	HUM	TEC	SAUDE	XUR-SOC	EXP	Total
Docencia	1.35	1.26	1.09	1.24	1.07	1,17
Investigación	1.21	1.54	1.43	1.20	1.36	1,31
A. Adicional	2.57	2.81	2.53	2.44	2.43	2,49

Táboa 1.a- Valores medios dos resultados das avaliacións en cada un dos compoñentes da avaliación adicional, obtidos en cada un dos comités de avaliación na convocatoria 2006.

	HUM	TEC	SAUDE	XUR-SOC	EXP	Total
Docencia	0.87	1.37	1.05	0.52	0.78	0.88
Investigación	0.72	1.71	1.27	0.52	1.03	1.01
A. Adicional	1.59	3.08	2.33	1.05	1.82	1.89

Táboa 1.b- Valores medios dos resultados das avaliacións en cada un dos compoñentes da avaliación adicional, obtidos en cada un dos comités de avaliación na convocatoria 2007.

	HUM	TEC	SAUDE	XUR-SOC	EXP	Total
Docencia	0.75	1.15	1.16	0.92	0.91	0.93
Investigación	0.87	1.55	1.12	0.89	1.06	1.04
A. Adicional	1.58	2.7	2.29	1.81	1.98	1.97

Táboa 1.c- Valores medios dos resultados das avaliacións en cada un dos compoñentes da avaliación adicional, obtidos en cada un dos comités de avaliación na convocatoria 2008.

Na **táboa 2** represéntase o resumo final cos distintos datos globais de cada un dos compoñentes do Complemento de Excelencia Curricular.

Táboa 2.- Resumo final dos resultados das avaliacións. Na columna **Total** indícase o número de puntos totais obtidos nos distintos pasos da avaliación. Na columna **Media** indícase a media de puntos por solicitante en cada paso da avaliación.

	TOTAL			MEDIA		
	2006	2007	2008	2006	2007	2008
Puntos avaliación adicional docente	1850.75	109.75	83.75	1.17	0.88	0.93
Puntos avaliación adicional investigadora	2072	125.25	94	1.31	1.01	1.04
Total avaliación adicional	3922.75	235	177.75	2.49	1.89	1.97
Puntos avaliación básica	5377	287	165.5	3.37	2.31	1.83
Puntuación Total Final (*)	9091	514	331	5.70	4.14	3.67

(*) A non coincidencia do resultado da suma da puntuación Básica e adicional con resultado Total Final, é debido ao efecto do redondeo. Así, os valores decimais de 0,75 redondéanse á alza á unidade, os valores decimais de 0,25 e 0,5 á baixa.




Figura 14. Evolución das medias obtidas na puntuación básica, adicional e total no conxunto do SUG dende 2006 a 2008

- **Resultados por Universidades.**

Agrupáronse os resultados da avaliación das solicitudes, en función da universidade na que o profesor desenvolve a súa actividade docente e investigadora. Comparáronse os valores resultantes da avaliación básica, da avaliación dos compoñentes docente e de investigación, sumáronse ambos para obter a avaliación adicional, e estes á súa vez á básica para obter a valoración final de tramos. Despois calculáronse as medias de cada apartado. Os resultados representáanse na Figura 15.




Figura 15- Valores medios de cada compoñente da avaliación dos méritos curriculares en cada Universidade e no conxunto de SUG nas convocatorias 2006-2008.




Figura 16- Valores medios de cada compoñente da avaliación dos méritos curriculares por sexo en cada universidade das Convocatorias 2006-2008

Táboa 3.- Resumo das puntuacións medias dos diferentes compoñentes da valoración final no conxunto das convocatorias 2006-2008, distinguindo os datos por sexo.

	Docencia		Investigación		Adicional		Básica		Total	
	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M
UDC	1.18	1.05	1.35	1.06	2.54	2.11	2.92	2.19	5.33	4.22
USC	1.17	1.17	1.40	1.12	2.58	2.30	4.15	2.79	6.60	5.38
UVI	1.10	0.98	1.30	1.08	2.41	2.06	2.47	2.32	4.77	4.21

• **Asignación final de tramos.**

Tal e como se indicaba no apartado anterior, unha vez obtido o resultado da avaliación adicional, súmaselle a valoración dos sexenios e quinquenios, de acordo co establecido na Orden do 16 de outubro de 2006, reguladora do complemento. O resultado final redondease de acordo coa citada Orden, e dicir, os valores iguais ou superiores a 75 centésimas pasan á unidade superior.

Os resultados globais recóllense na figuras 17, onde se representa o número de solicitantes que se atopan en cada un dos tramos definidos no complemento de Excelencia Curricular Docente e investigadora.

Distribución puntuación final




Figura 17.- Distribución do número de solicitantes que se atopan en cada un dos tramos finais do Complemento de Excelencia Curricular Docente e investigadora nas convocatorias 2006-2008.

- **Recursos**

Finalmente recóllense os datos (en porcentaxes sobre o número total de solicitudes) relativos aos recursos de reposición interpostos fronte as resolucións dictadas polo Presidente do Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (trala proposta vinculante da CGIACA) poñendo fin ao procedemento.




Figura 18: Distribución en porcentaxes do número de recursos interpostos polos solicitantes nas convocatorias 2006 a 2008.

Anexo I. Solicitantes por área de coñecemento

Área	Nome área	Nº de expedientes
5	Álgebra	17
10	Análise Xeográfico Rexional	6
15	Análise Matemático	16
20	Anatomía Patolóxica	2
25	Anatomía e Anatomía Patolóxica Comparadas	8
27	Anatomía y Embrioloxía Humana	8
28	Antropoloxía Física	2
30	Antropoloxía Social	5
33	Arqueoloxía	5
35	Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores	13
38	Astronomía e Astrofísica	4
40	Biblioteconomía e Documentación	1
50	Bioloxía Celular	15
60	Bioquímica e Bioloxía Molecular	36
63	Botánica	22
65	Ciencia dos Materiais e Enxeñería Metalúrxica	9
70	Ciencia Política e da Administración	5
75	Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial	29
85	Ciencias e Técnicas Historiográficas	3
90	Cirurxía	5
95	Comercialización e Investigación de Mercados	3
100	Composición Arquitectónica	3
105	Comunicación Audiovisual e Publicidade	3
115	Construcións Navais	1
125	Dereito Administrativo	12
130	Dereito Civil	15
135	Dereito Constitucional	6
140	Dereito de Traballo e da Seguridade Social	8
145	Dereito Eclesiástico do Estado	5
150	Dereito Financeiro e Tributario	12
155	Dereito Internacional Privado	4
160	Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais	10
165	Dereito Mercantil	12
170	Dereito Penal	9
175	Dereito Procesual	4
180	Dereito Romano	8
183	Dermatoloxía	4
185	Debuxo	1
195	Didáctica da Lingua e Literatura	5
205	Didáctica das Ciencias Experimentais	7
210	Didáctica das Ciencias Sociais	1

215	Didáctica e Organización Escolar	18
220	Ecoloxía	21
225	Economía Aplicada	43
230	Economía Financeira e Contabilidade	5
240	Edafoloxía e Química Agrícola	24
247	Electromagnetismo	7
250	Electrónica	4
255	Enfermería	5
260	Escultura	2
265	Estatística e Investigación Operativa	27
275	Estomatoloxía	4
280	Estratigrafía	12
295	Explotación das Minas	2
300	Expresión Gráfica	3
305	Expresión Gráfica na Enxeñería	1
310	Farmacía e Tecnoloxía Farmacéutica	14
315	Farmacoloxía	14
320	Filoloxía Alemana	6
325	Filoloxía Catalana	1
335	Filoloxía Francesa	8
340	Filoloxía Grega	2
345	Filoloxía Inglesa	37
350	Filoloxía Italiana	5
355	Filoloxía Latina	13
360	Filoloxía Románica	10
370	Filoloxía Galega e Portuguesa	42
375	Filosofía	11
381	Filosofía do Dereito	8
383	Filosofía Moral	4
385	Física Aplicada	48
390	Física Atómica, Molecular e Nuclear	8
395	Física da Materia Condensada	18
398	Física da Terra	4
405	Física Teórica	9
410	Fisioloxía	33
412	Fisioloxía Vexetal	15
415	Fundamentos de Análise Económico	22
420	Xenética	17
430	Xeografía Física	2
435	Xeografía Humana	6
440	Xeometría e Topoloxía	14
443	Histoloxía	4
445	Historia Antiga	9
450	Historia Contemporánea	13
455	Historia de América	1
465	Historia do Arte	23

470	Historia do Dereito e as Institucións	3
475	Historia do Pensamento e dos Movementos Sociais e Políticos	1
480	Historia e Institucións Económicas	11
485	Historia Medieval	11
490	Historia Moderna	8
500	Enxeñería Agroforestal	15
505	Enxeñería Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría	3
510	Enxeñería da Construcción	3
515	Enxeñería dos Procesos de Fabricación	1
520	Enxeñería de Sistemas e Automática	11
525	Enxeñería de Terreo	6
530	Enxeñería e Infraestructuras dos Transportes	2
535	Enxeñería Eléctrica	9
540	Enxeñería Hidráulica	1
545	Enxeñería Mecánica	6
555	Enxeñería Química	38
560	Enxeñería Telemática	16
566	Inmunoloxía	1
567	Lingua Española	25
570	Linguaxes e Sistemas Informáticos	12
575	Lingüística Xeral	13
583	Literatura Española	27
585	Lóxica da Filosofía da Ciencia	8
590	Máquinas e Motores Térmicos	10
595	Matemática Aplicada	46
600	Mecánica de Fluídos	2
605	Mecánica de Medios Continuos e Teoría de Estructuras	5
610	Medicina	9
613	Medicina Legal e Forense	5
615	Medicina Preventiva e Saúde Pública	6
617	Medicina e Cirurxía Animal	16
620	Metodoloxía das Ciencias e do Comportamento	13
625	Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación	6
630	Microbioloxía	33
635	Música	3
640	Nutrición e Bromatoloxía	14
646	Oftalmoloxía	2
647	Óptica	11
650	Organización de Empresas	4
655	Paleontoloxía	1
660	Parasitoloxía	9
670	Pediatría	5
675	Periodismo	1
680	Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicolóxico	14
690	Pintura	3
695	Prehistoria	5

705	Producción Vexetal	15
715	Proxectos Arquitectónicos	1
720	Proxectos de Enxeñería	1
725	Psicobioloxía	12
730	Psicoloxía Básica	13
735	Psicoloxía Evolutiva	15
740	Psicoloxía Social	10
750	Química Analítica	43
755	Química Física	53
760	Química Inorgánica	47
765	Química Orgánica	50
770	Radioloxía e Medicina Física	5
773	Sanidade Animal	7
775	Socioloxía	17
780	Tecnoloxía dos Alimentos	8
785	Tecnoloxía Electrónica	10
796	Teoría da Literatura Comparada	10
800	Teoría do Sinal e Comunicacións	31
805	Teoría e Historia da Educación	16
807	Toxicoloxía	8
814	Traducción e Interpretación	12
819	Zooloxía	26

ANEXO II – LISTADO DE AVALIADORES INTEGRANTES DOS COMITÉS DE ASESORES EXPERTOS (todos cumplen a condición de ter concedidos, como mínimo, tres sexenios de investigación e tres quinquenios de docencia)

Alabart, Anna. *Universitat de Barcelona*
 Aleza Izquierdo, Milagros. *Universitat de Valencia*
 Alonso Álvarez, Luis. *Universidade de A Coruña*.
 Andrés Ordax, Salvador. *Universidad de Valladolid*
 Arnalich Fernández, Francisco. *Universidad Autónoma de Madrid*.
 Bascones Martínez, Antonio. *Universidad Complutense de Madrid*
 Batlle Gelabert, Xavier. *Universitat de Barcelona*
 Benítez Rodríguez, Julio. *Universidad de Extremadura*.
 Bermejo, Vicente. *Universidad Complutense de Madrid*
 Bernárdez Sanchís, Enrique. *Universidad Complutense de Madrid*
 Brea López, Mercedes. *Universidade de Santiago de Compostela*.
 Brito López, Ricardo. *Universidad Complutense de Madrid*
 Caínzos Fernández, Miguel Ángel. *Universidade de Santiago de Compostela*.
 Cantón Mayo, Isabel. *Universidad de León*.
 Carasa Soto, Pedro. *Universidad de Valladolid*
 Casacuberta Nolla, Francisco. *Universitat Politècnica de Valencia*
 Casares Giner, Vicente. *Universitat Politècnica de Valencia*
 Casas Rius, Joan Ramón. *Universitat Politècnica de Catalunya*
 Castedo Expósito, Luis. *Universidade de Santiago de Compostela*
 Daumal Domenech, Francesc de Paula. *Universitat Politècnica de Catalunya*
 Durán Rivacoba, Ramón. *Universidad de Oviedo*.
 Enriquez de Salamanca, Rafael. *Universidad Complutense de Madrid*
 Fernández Farreres, Germán. *Universidad Complutense de Madrid*
 Fernández Lastra, Cecilia. *Universitat de Barcelona*
 Gallo Mezo, Miguel Ángel. *Universidad de Granada*
 García Villalón, Angel Luis. *Universidad Autónoma de Madrid*
 Gil Álvarez, Maria Ángeles. *Universidad de Oviedo*
 Honrubia García, Mario. *Universidad de Murcia*
 Leal Millán, Antonio Genaro. *Universidad de Sevilla*
 Lema Rodicio, Juan M. *Universidade de Santiago de Compostela*.
 Lorenzo Balado, Margarita. *Universidad Complutense de Madrid*
 Macarro Vera, José Manuel. *Universidad de Sevilla*.
 Marcos de Dios, Ángel. *Universidad de Salamanca*
 Martín-Romero Cerrillo, Quintina. *Universidad Nacional de Educación a Distancia*
 Menéndez Ramos, José Carlos *Universidad Complutense de Madrid*
 Ortí Vallejo, Antonio. *Universidad de Granada*
 Ortíz-Cañavate Puig-Mauri, Jaime. *Universidad Politècnica de Madrid*
 Palencia de Lara, Cesar. *Universidad de Valladolid*
 Presa Asensio, Juan José. *Universidad de Murcia*
 Ramos Salaver, Isidro. *Universidad Politècnica de Valencia*.
 Sánchez Pérez, Ángel M^a. *Universidad Politècnica de Madrid*
 Sánchez Sánchez, Enrique. *Universidade de Vigo*
 Santoyo Mediavilla, Julio César. *Universidad de Leon*
 Trianes Torres, M^a Victoria. *Universidad de Málaga*
 Yañez-Sedeño Oribe, Paloma. *Universidad Complutense de Madrid*